

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente:	90/142
Asunto:	Xustificación de subvención nominativa para o expediente "Orzamento municipal 2025" Identificación da entidade beneficiaria: Nome: " Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo " CIF: G36928646 Contía da subvención exercicio 2025: 80.300,00 € Exercicio orzamentario: 2025 Programa: <i>Igualdade de Xénero</i> 2311 489 0004
Informe emitido a petición do Director Superior Contable e Orzamentario mediante petición de data 05.07.2024	
Liña estratéxica coa que se corresponde segundo o Plan Estratéxico de Subvencións 2024/2026: 2.5 Atención aos colectivos e ás súas necesidades sociais: vítimas de violencia de xénero.	

INFORME:

PRIMEIRO.-

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller dependente do Concello de Vigo, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, servizo que se complementa coa rede de acollemento e protección integrada polo Centro de Emerxencia e por vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben con carácter anual unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/10/2024 12:23

Páxina 1 de 3

90-142

CSV: ABAF5E-E7D981-EB4F28-CE18V9-ZVLEFM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Os fins da Rede de mulleres veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- . Traballar na prevención dos malos tratos
- . Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- . Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- . Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e proponendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

En base ao anterior e atendendo a:

PRIMEIRO.- Considerando que os fins da entidade cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres.

SEGUNDO.- Considerando que as áreas de traballo que realiza a entidade e que se enmarcan no proxecto que presentan a este órgano xestor con carácter anual cumpren os obxectivos e finalidade do Servizo de Igualdade a prol da igualdade, na prevención da violencia de xénero, na atención multidisciplinar e acompañamento ás mulleres en situación de violencia de xénero, así como na concienciación cidadá para a repulsa de calquera acto ou manifestación de violencia que se exerza sobre as mulleres e nenas.

TERCEIRO.- Considerando que coa execución do proxecto subvencionado acádanse os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Mellorar a atención integral das mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.
- Establecer redes de colaboración con asociacións de mulleres que traballan a prol da igualdade, e especialmente na loita contra a violencia de xénero.
- Formar, informar e previr á cidadanía sobre a violencia de xénero.
- Visibilizar á sociedade sobre a situación na que se atopan as mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.
- Concienciar á cidadanía para a repulsa de calquera acto ou manifestación de violencia que se exerza sobre as mulleres e nenas.

CUARTO.- Considerando que na cidade non existe ningunha outra entidade de iniciativa social coa experiencia, traxectoria e coa ampla rede estruturada de acompañamento e atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.

Polo anteriormente exposto:

Este órgano xestor valora de interese que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a tramitación no exercicio 2025 dunha subvención nominativa a través da tramitación dun convenio de colaboración coa entidade “Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo”. A dita subvención enmárcase na Liña estratéxica 2.5 “Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais (víctimas de violencia de xénero) do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024/2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/10/2024 12:23

Páxina 2 de 3

90-142

CSV: ABAF5E-E7D981-EB4F28-CE18V9-ZVLEFM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SERVIZO DE
IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO**

**CONCELLO
DE VIGO**



A contía incrementábase en 50.000,00 € da prevista inicialmente no PES de Igualdade (30.300,00 €), ao incorporar, por decisión de órgano superior, o crédito previsto no PES de Emprego (50.000,00 €) para a subvención nominativa con esta mesma entidade de iniciativa social. Coinciden ambas no mesmo obxectivo estratéxico.

Para que este órgano xestor poida realizar a tramitación do correspondente expediente de convenio por un importe da axuda de 80.300,00 € será preciso que no Orzamento finalmente aprobado para o exercicio 2025 se consigne crédito adecuado, necesario e suficiente a nome da entidade “Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo” na partida 2311 4890004 do programa “Igualdade de Xénero”.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME:

A concelleira delegada de Igualdade e Comercio.- ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ [Resolución de Alcaldía de data 19/06/2023, modificada polas Resolucions do 28/06/2023 e do 28/06/2024 e posterior corrección de erros do 1/07/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de data 30/06/2023, modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, modificado polos Acordos do 28/07/2023 e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024)]

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.- MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO [Resolución de Alcaldía de data 19/06/2023, modificada polas Resolucions do 28/06/2023 e do 28/06/2024 e posterior corrección de erros do 1/07/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de data 30/06/2023, modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, modificado polos Acordos do 28/07/2023 e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024)]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 12:23	Páxina 3 de 3
90-142	CSV: ABAF5E-E7D981-EB4F28-CE18V9-ZVLEFM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		